

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015597	CPR Plurilingüe La Milagrosa	Santiago de Compostela	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	3º Pri.	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	17

## 1. Introducción

Esta programación está deseñada para levarse a cabo no CPR Plurilingüe La Milagrosa, situado en Santiago de Compostela. É un centro privado-concertado de liña 1 que conta con 9 unidades: 3 de Educación Infantil e 6 de Educación Primaria. A xornada lectiva do centro desenvólvese en xornada partida, de 9.30h a 12.30h e de 15.00h a 17.00h, agás os venres que ten xornada continuada de 9.00h a 14.00h.

A área das Ciencias da Natureza organízase como a confluencia de varias disciplinas científicas. A educación dos alumnos encauzarase cara unha perspectiva integradora que posibilite desenvolver novas formas de sentir, pensar e actuar nunha sociedade global para construír un mundo máis xusto e solidario. Isto require entender a realidade como un proceso que pode e debe intervir, tanto individual como colectivamente. Neste sentido, a noción de configuración refírese á interacción entre distintos factores, fenómenos, acontecementos e procesos que constitúen o escenario da existencia humana. Un escenario que, no século XXI aparece cambiando, diversificada, global e multi-causal, que é especialmente relevante para as nenas e nenos, desenvolver o pensamento crítico e aprender a respectar, conservar e vivir en torno a eles recoñecendo a súa propia cultura como un elemento de identidade.

A finalidade da área debe estar encamiñada a que o alumnado aprenda a reflexionar e desenvolver e regular o seu propio aprendizaxe e traballo en interacción coas características propias da etapa psicoevolutiva, procurando o óptimo desenvolvemento físico, sensorial, mental e emocional, respectando diferenzas e diferentes ritmos de aprendizaxe.

Partirase do entorno cara ámbitos cada vez máis complexos, creando ou buscando as condicións necesarias para que observe, experimente e indague, reconstruíndo a súa visión da realidade. Neste sentido, tanto nos obxectivos como nos contidos e nos criterios de avaliación introducíronse aspectos referidos o coñecemento do entorno natural.

Antes de comezar a desenvolver a programación o primeiro que debemos saber son as características do alumnado co que imos a traballar, segundo a singularidade da zona na que viven, a idade e as circunstancias persoais e sociais de cada alumno:

-Centro escolar situado nunha cidade sendo a poboación maioritariamente de clase media. Consideramos a existencia de grupos de aproximadamente 25 educandos, con un número similar de nenos e nenas.

-Se considera en cada grupo a posibilidade de ACNEAE.

-Se considera un interese grande polo mundo científico dado polo contexto sociocultural no que se desenvolven xa que está moi presente nos medios de comunicación.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	HÁBITOS SAUDABLES	A unidade abarca as partes e os órganos do corpo, e as etapas da vida. Ofrécese a oportunidade de argumentar a importancia dos hábitos saudables e o coidado da saúde mediante diferentes actividades e tarefas.	15	18	X		
2	PROTEXEMOS AOS ANIMAIS	Nesta unidade achégase a importancia que teñen os seres vivos para a conservación do planeta e, polo tanto, a necesidade de protexelos a todos.	20	18	X		
3	COIDAMOS AOS VERTEBRADOS	Esta situación de aprendizaxe pon o foco na convivencia entre as persoas e os animais de compañía. A partir das imaxes e as preguntas ofrecidas dáse ao alumnado a oportunidade de expresar reflexións, coñecementos, experiencias e opinións sobre os animais domésticos, en particular e sobre os vertebrados en xera. As características dos animais vertebrados	20	18		X	
4	PRESERVAMOS OS ECOSISTEMAS	A situación de aprendizaxe desta unidade estimula a reflexión sobre como é a vida	15	18		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	PRESERVAMOS OS ECOSISTEMAS	dos animais en distintos espazos naturais. Protexer o medio natural e la adquisición de hábitos para o seu coidado.	15	18		X	
5	AFORRAMOS ENERXÍA	Nesta unidade pártese das experiencias dos nenos e nenas para motivar a reflexión sobre a importancia de facer un uso responsable dos recursos que permitiron mellorar a vida das persoas.	15	17			X
6	UTILIZAMOS A TECNOLOXÍA CON SEGURIDADE	Nesta ocasión, pártese da reflexión sobre a presenza das máquinas, e máis concretamente dos ordenadores, na vida das persoas. No achegamento que se fai na unidade é espertar a capacidade crítica e o autocontrol do alumnado para que empece a albiscar o que os ordenadores ofrecen e á vez teña presente a parte menos positiva do uso destas máquinas.	15	16			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	HÁBITOS SAUDABLES	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Coñecer e identificar os diferentes reinos da natureza	PE	40
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.	Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural interpretando, de forma guiada, as relacións que se establecen nel.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas de forma guiada e a través da observación	TI	60
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información básica para as súas investigacións		
CA2.3 - Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común adoptando condutas respectuosas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente.</li> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo.</li> <li>- Os reinos da natureza desde unha perspectiva xeral e integrada. Utilización de claves e guías para clasificar e identificar os diferentes reinos a través das súas características observables.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	PROTEXEMOS AOS ANIMAIS	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Coñecer e identificar os diferentes reinos da natureza.	PE	40
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.	Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural interpretando, de forma guiada, as relacións que se establecen nel.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas de forma guiada e a través da observación.	TI	60
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información básica para as súas investigacións.		
CA2.3 - Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común adoptando condutas respectuosas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente.</li> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os reinos da natureza desde unha perspectiva xeral e integrada. Utilización de claves e guías para clasificar e identificar os diferentes reinos a través das súas características observables.</li> <li>- Características e clasificación de animais vertebrados e invertebrados. Observación e comparación das diversas formas nas que realizan as funcións vitais.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	COIDAMOS AOS VERTEBRADOS	18

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Coñecer e identificar os diferentes reinos da natureza.	PE	40
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.	Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural interpretando, de forma guiada, as relacións que se establecen nel.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas de forma guiada e a través da observación	TI	60
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información básica para as súas investigacións.		
CA2.3 - Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común adoptando condutas respectuosas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente.</li> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo.</li> <li>- Os reinos da natureza desde unha perspectiva xeral e integrada. Utilización de claves e guías para clasificar e identificar os diferentes reinos a través das súas características observables.</li> <li>- Características e clasificación de animais vertebrados e invertebrados. Observación e comparación das diversas formas nas que realizan as funcións vitais.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	PRESERVAMOS OS ECOSISTEMAS	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Coñecer e identificar os diferentes reinos da natureza.	PE	40
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.	Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural interpretando, de forma guiada, as relacións que se establecen nel.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas de forma guiada e a través da observación	TI	60
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información básica para as súas investigacións.		
CA2.3 - Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común adoptando condutas respectuosas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente.</li> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo.</li> <li>- Os reinos da natureza desde unha perspectiva xeral e integrada. Utilización de claves e guías para clasificar e identificar os diferentes reinos a través das súas características observables.</li> <li>- Clasificación das plantas a través das súas características observables. Análise, a través da experimentación, da súa capacidade de adaptación ao medio no que viven e realizan as funcións vitais.</li> <li>- Identificación dun ecosistema e dos elementos que o compoñen. Observación dun ecosistema próximo recollendo datos en diferentes soportes e elaborando hipóteses de forma guiada.</li> <li>- Relación do ser humano cos ecosistemas. Exemplos de bos e malos usos dos recursos naturais do noso planeta e das súas consecuencias.</li> <li>- Valoración da biodiversidade e importancia da súa conservación. Respecto polos seres vivos da contorna. Animais en perigo de extinción.</li> </ul>



UD	Título da UD	Duración
5	AFORRAMOS ENERXÍA	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as propiedades e características da materia e dos materiais.	PE	60
CA3.2 - Coñecer diferentes formas e fontes de enerxía, identificando os seus usos na vida cotiá.	Coñecer as fontes de enerxía máis importantes		
CA3.5 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica hábitos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Recoñecer comportamentos respectuosos de coidado e de protección da contorna.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas de forma guiada e a través da observación	TI	40
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información básica para as súas investigacións.		
CA3.3 - Recoñecer a través de pequenas investigacións diferentes formas de produción da calor e dos seus efectos sobre os corpos.	Identificar as diferentes formas de produción da calor.		
CA3.4 - Analizar os efectos das forzas sobre determinados obxectos de uso común, realizando experiencias sinxelas e pequenas investigacións con máquinas e aparellos.	Analizar os efectos das forzas a través de experiencias sinxelas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente.</li> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo.</li> <li>- Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico.</li> <li>- Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados.</li> <li>- Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).</li> </ul>

### Contidos

- Identificación dos estados nos que se presenta a materia na nosa contorna. Cambios de estado da auga.
- Fontes de enerxía renovables e non renovables.
- A calor e as súas formas de produción. Cambios de estado e instrumentos de medida. Efectos da calor sobre a materia a través da experimentación.
- Propiedades das máquinas simples, a súa observación e manipulación. Aplicacións e usos na vida cotiá.
- Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Impacto ambiental: contaminación e residuos.

UD	Título da UD	Duración
6	UTILIZAMOS A TECNOLOXÍA CON SEGURIDADE	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.	Resolver problemas sinxelos de programación de forma guiada.	PE	20
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realizar experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.	TI	80
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais para a busca de información.		
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Construír en equipo un produto final sinxelo de forma guiada, empregando as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos.	Presentar o seu produto final en diferentes formatos con axuda dun guión.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participar en tarefas en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente.
- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses.
- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo.
- Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico.
- Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados.
- Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet.
- Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais).
- Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet.
- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto.
- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas) e estratexias de actuación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto.
- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación.
- Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...).
- Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico.
- Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Preténdese que a metodoloxía sexa activa, autónoma, expositiva, descubridora, creativa e participativa buscando a propia implicación do alumnado no proceso de ensinanza e no proceso de aprendizaxe.

Pártese do observable e das informacións / coñecementos previas do alumnado, facendo referencias ás súas aprendizaxes anteriores así como ao desenvolvemento do neno/a e ás súas características psicoevolutivos, para chegar ao coñecemento e así poder conseguir os obxectivos dun modo natural e ameno.

Traballarase na aula o programa do curso mediante os libros de texto e con actividades configuradas para días especiais.

Procuráramos a socialización do alumnado, e para iso aproveitaremos todos os tipos de agrupamentos para o traballo: individual, parellas, pequeno ou gran grupo dependendo das características do traballo a realizar. As

actividades estarán deseñadas e presentadas para realizar en pequenos grupos, en gran grupo y de maneira individual. Daremos unha especial importancia á cooperación.

Proporcionaremos guías e estratexias de aprendizaxe, fomentaremos o afán de superación e a interiorización das normas do centro suscitaremos oportunidades de traballar coas tics e na biblioteca do centro

Negociaremos as rutinas da clase co alumnado e expoñerémolas claramente na aula (encargado e normas).

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos e estes adquiren un maior grao de protagonismo.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto de Natural Sciences 3º Primaria Santillana.
Plataforma dixital de Santillana na que poden traballar a materia dende o seu fogar.
Aula virtual escolar, na cal poderán ter acceso a contidos da materia.
F i c h a s e l a b o r a d a s p o l o p r o f e s o r e m a t
Recursos da contorna (saídas culturais, exposicións, cine...)
Boneco desmontable do corpo humano / esqueleto con músculos e órganos.

Contando o centro con internet e pantalla dixital nas aulas e con un aula de informática, as tecnoloxías da información e comunicación preséntanse como unha ferramenta facilitadora para o profesorado á vez que motivadora para o alumnado que recibe os contidos de forma máis variada.

Incorporaranse ás aulas recunchos onde estean á vista libros, revistas, murais... recursos, en xeral, cos que axudar a construír as súas aprendizaxes. Isto, á súa vez, permite ambientar a clase e integrar aínda máis a lingua estranxeira ao día a día do grupo.

Teranse en conta aqueles recursos xerais que favorezan os distintos estilos de aprendizaxe.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase a comezos do curso partindo dos criterios de avaliación do curso anterior. Deberemos ter en conta os informes se é o caso e resultados do curso pasado.

Como instrumento de avaliación realizarase:

-Unha proba escrita con exercicios básicos correspondentes ao nivel que queremos avaliar.

-Una proba práctica para determinar as destrezas individuais dos alumnos.

-Ao inicio de cada unidade didáctica poderase realizar unha avaliación de contidos previos necesarios para o seguimento adecuado da unidade.

As medidas a adoptar dependerán pois dos resultados desta avaliación inicial e tendo en conta, como xa dixemos, os resultados e informes do curso pasado.

No caso de alumnado procedente doutros centros nos que non cursase ensinanzas plurilingües, realizarase por parte do profesorado unha avaliación previa que determine o nivel de competencia inicial do neno/a, tras a cal determinarase a adecuación necesaria de obxectivos/contidos/actividades de reforzo/criterios de avaliación necesarios para cursar as ensinanzas exitosamente.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>15</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	40	40	40	40	60	20	<b>40</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	60	60	60	60	40	80	<b>60</b>

### Criterios de cualificación:

En cada avaliación:

PROBAS ESCRITAS e/ou ORAIS = 50%

-Daremos este peso dentro da cualificación global de cada materia ao rendemento específico demostrado polos alumnos e evidenciado a través de diferentes probas de rendemento (tanto escritas como orais) realizadas para comprobar tanto o nivel de coñecementos adquiridos como a capacidade de xeneralización de ditos aprendizaxes.

-Preguntas directas sobre o que se está traballando.

TRABALLO DIARIO NO COLEXIO E NA CASA - ESFORZO = 35%

-Observación de traballos nos cadernos, libros e forma de traballar.

-Realización correcta dos traballos.

-Organización e boa presentación das tarefas.

-Estudio diario e realización diaria das actividades individuais tanto aula como na casa.

-Regularidade e constancia no traballo diario.

ACTITUDE, COMPORTAMENTO E CUMPRIMENTO DE NORMAS = 15%

-Non podemos esquecer que a actitude positiva cara a aprendizaxe favorece a adquisición de coñecementos. É por isto polo que aos alumnos teráselle en conta o interese mostrado en cada materia, a atención, a escoita activa e o respecto mostrado cara os diferentes elementos (persoais e materiais) que constitúen o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

-Cumprimento de normas e comportamento axeitado.

Para as avaliacións durante o curso iremos facendo rexistro de:

-Intervencións orais tipo resposta

-Observación directa do alumno/a nas actividades realizadas na aula

-Probas específicas

-Valoración de actitudes na clase.

-Colaboración á hora de coller e gardar o material preciso para utilizar nas actividades

-Respecta e escoita as intervencións dos compañeiros/as e as quendas á hora de participar en actividades

-Interese, participación, esforzo, colaboración e comportamento.

A avaliación será globalizada e continua; primarase o traballo diario na aula e a implicación e esforzo do alumnado. O profesorado terá en conta os logros persoais que observe na aula e poderá realizar algunhas probas obxectivas para ratificar os niveis de competencia alcanzados polo alumnado en cada bloque temático.

### Criterios de recuperación:

Partindo dunha avaliación inicial o alumnado terán a oportunidade de poder recuperar as partes de materia ou a materia enteira que non superaron con éxito e traballaranse aqueles contidos e actividades que puideran estar menos afianzadas. Ao longo do curso o profesor/a prestará especial atención o alumnado que non ten a área superada, facendo fincapé nos contidos nos que ten máis dificultades. Para tal cometido o mestre facilitarlle una serie de actividades / tarefas a realizar que lles axudarán a superar satisfactoriamente a parte suspensa e para iso empregará materiais de reforzo que resulten innovadores e motivadores en cada trimestre, sempre repectando os criterios de cualificación xa expostos.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Educar na diversidade supón unha escola para todos, na que todos teñan cabida coas súas características individuais. Unha escola, na que se lle ofrezca a cada un, aquilo que mellor lle axude a desenvolver a súa máxima potencialidade, partindo do que é.

Para atender a este alumnado diverso temos que axustar a resposta educativa a cada alumno, de xeito que cubramos as necesidades individuais do conxunto global do alumnado.

A atención á diversidade rexeráse polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia.

Para orientar a nosa labor na atención á diversidade teremos en conta:

-A necesidade dun coñecemento profundo do noso alumnado.

-A adaptación do programación en función dos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.

-Empregar métodos didácticos que promovan a experiencia directa e a reflexión por parte do alumnado.

-Utilización de diferentes canles e recursos na aula.

-En casos de alumnado con NEE, un traballo coordinado cos distintos profesionais.

As medidas de atención á diversidade son actuacións complementarias a favor da igualdade de oportunidades, no presente caso que faciliten o acceso e gozo a unha actividade científica. Para este apartado débense ter en conta as características persoais, físicas e afectivas que se puidesen dar dentro da aula.

De calquera maneira, é imposible recoller toda a variedade de situacións e necesidades que puidesen surxir. En xeral, daranse algunhas indicacións básicas para que todo o alumnado poida participar no maior número de actividades posibles.

O obxectivo é que todos os escolares que realicen calquera actividade participen dun modo activo. Moitas veces non sabemos como implicar ao alumnado con diversidade funcional (alumnado que presenta dificultades visuais, auditivas, motrices, intelectuais) na dinámica da aula. Daranse algunhas pautas xenéricas:

-Para persoas con problemas motrices pódese traballar apoiados en pulsadores de todo tipo a través do ordenador e dos diferentes periféricos para que en actividades nas que os poidamos implicar poidan ser partícipes e sentirse integrados no grupo.

-Para persoas con dificultades visuais podemos apoiarnos no encerado dixital ou nas teclas de accesibilidade que ten o ordenador, ademais de ampliar o tamaño dos debuxos e textos ou simplemente cambiando a tonalidade de cor ou de contraste dos materiais presentados dependendo de cada caso concreto.

-Para persoa con problemas auditivos ou restos de audición, podemos emplear un pequeno aparato que conectado ao ordenador amplifica o son, o que permite percibilo a través de vibracións ou por vía ósea (aparatos tipo Sonar Speaker)

Hoxe en día a tecnoloxía avanza moi rápido e existen multitude de aparatos e aplicacións nos dispositivos móbiles e tabletas as cales podemos utilizar para todas as dificultades que se nos presenten, a hora de preparar unha clase ou calquera tipo actividade, en canto aos problemas auditivos e visuais.

É aconsellable realizar un cuestionario previo para poder abordar todas as necesidades que poidan surxir.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - EDUCACIÓN EN VALORES	X	X	X	X	X	X
ET.2 - CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR	X	X	X	X	X	X
ET.3 - PLAN TIC	X	X	X	X	X	X
ET.4 - ACCIÓNS E CONTRIBUCIÓNS AO PLAN DE CONVIVENCIA	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.5 - ACCIÓNS E CONTRIBUCIÓNS AO PROXECTO LINGÜÍSTICO	X	X	X	X	X	X

#### Observacións:

##### EDUCACIÓN EN VALORES

En cada unidade e aproveitando as celebracións e conmemoracións durante o curso escolar propóranse unha serie de actividades cooperativas e grupais para traballar e fomentar a: responsabilidade, xenerosidade, compromiso, tolerancia, humildade, gratitude e honestidade.

##### CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

Actividades relacionadas coa lectura e o uso da biblioteca do centro dentro do plan lector: lecturas científicas, bonecos desmontables/esqueletos, historia da ciencia, cadernos de actividades científicas, uso de internet...

##### PLAN TIC

Dentro do Plan Tic do centro recóllense unha serie de obxectivos que se traballaran dende todas as áreas.

##### ACCIÓNS E CONTRIBUCIÓNS AO PLAN DE CONVIVENCIA

Estas actividades complementarias estarán dentro das actuacións e medidas para favorecer e garantir a convivencia, como por exemplo nas saídas do centro.

##### ACCIÓNS E CONTRIBUCIÓNS AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

A materia de Natural Sciences está incluída no plurilingüístico, neste caso en lingua inglesa.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
SAÍDAS CULTURAIS FORA DO CENTRO ESCOLAR	Visitas a museos, exposicións...	X	X	X
CHARLAS FORMATIVAS	Charlas formativas, dentro ou fora do centro escolar, de profesionais pertencentes a diferentes colectivos científicos.	X	X	X
EXPOSICIÓNS NO CENTRO ESCOLAR	Exposicións científicas, dentro do centro escolar, con explicacións por parte de profesionais pertencentes a diferentes colectivos científicos.	X	X	X
BLOG CIENCIAS	Participación na elaboración do blog de ciencias dentro do blog da biblioteca na páxina web do centro escolar.	X	X	X

#### Observacións:

As actividades complementarias realizaranse:

-Dentro da escola: en Halloween, no Nadal, polo Día da Paz, no Entroido, no día da Familia e para o festival de fin de curso.

-Fora da escola: asistencia a exposicións de arte e visitas culturais.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
-----------------------------

Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Avaliación positiva nos indicadores de avaliación da programación: táboa de indicadores da programación
Superación da materia por parte do 80% do alumnado: actas de avaliación
Metodoloxía empregada
Grado de satisfacción coa propia práctica docente: diario de aula
Clima de traballo na aula
Grado de satisfacción do alumnado: enquisa para o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Grado de satisfacción das familias: entrevistas coas familias
Coordinación co equipo docente: actas das sesións de coordinación

### Descrición:

En xeral, avaliaremos a nosa práctica docente e o proceso de ensinanza, para realizar as modificacións necesarias, empregando unha serie de indicadores de logro e especificando o instrumento de avaliación utilizado.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da práctica docente e da propia programación permítenos recoller de xeito sistemático información relevante, co obxectivo de reaxustar a intervención educativa de acordo coas aprendizaxes reais do alumnado.

A continuación establécense algúns CRITERIOS DE AVALIACIÓN que poderían ser de utilidade á hora de avaliar a práctica docente:

#### RELACIÓN ENTRE OS AXENTES EDUCATIVOS

- As canles establecidas para a comunicación e coordinación coas familias son adecuadas e suficientes.
- Estase a conseguir unha implicación sistemática das familias na vida escolar.
- Aprovéitanse os recursos que ofrece o contorno, dando lugar a unha verdadeira corresponsabilización educativa.
- O equipo docente traballa de forma coordinada para lograr a unidade de criterios e a coherencia no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- A escola e as persoas que nela traballan participan activamente no proceso educativo.

#### AMBIENTE DE APRENDIZAXE

- A distribución do espazo crea un ambiente cómodo e seguro.
- A biblioteca de aula conta con material diverso e ben organizado.
- O material empregado é variado e adáptase ao alumnado.
- A organización do tempo adecúase ás tarefas propostas.

#### RELACIÓN GRUPO CLASE- PROFESORADO

- A miña relación co grupo clase é cálida e de confianza.
- A miña actuación favorece que os nenos e nenas expresen as súas opinións.
- A miña intervención estimula a creatividade e evita estereotipos.
- As situacións de aprendizaxe creadas serven para que nenos e nenas adquiran aprendizaxes significativas e poidan levalas á práctica.

#### PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

- A programación está aberta aos cambios e é receptiva a innovacións.
- Os obxectivos propostos adáptanse ás características do alumnado.
- Os contidos seleccionados trabállanse de forma significativa para as nenas e nenos.
- As actividades propostas son do interese dos nenos e nenas e favorecen a súa participación activa.
- A proposta metodolóxica axuda ao desenvolvemento das competencias.
- Os distintos agrupamentos utilizados permiten a variedade de interaccións.



- A avaliación recolle a evolución no proceso de aprendizaxe do alumnado.
- As técnicas e fontes utilizadas para a avaliación son adecuadas e suficientes.
- A diversidade é valorada como un elemento positivo e enriquecedor.
- As estratexias para dar resposta aos casos de Necesidades Específicas de Apoio Educativo son eficaces.

O profesorado revisará os métodos a implementar en cada sesión e unidade didáctica ou proxecto, para axustalos ás necesidades temporais ou permanentes do alumnado, gustos, preferencias e estilos de aprendizaxe de cada neno/a. Á súa vez, teranse en conta os resultados obtidos e o nivel de implicación que se consegue por parte do alumnado; un alto nivel de atención e implicación levará a reforzar as técnicas e materiais utilizados; pola contra, se a atención e implicación é baixa implicará unha revisión das actuacións levadas a cabo. A aplicación práctica da programación didáctica esixe una reflexión e avaliación sistemática dos elementos que a compoñen.

Podemos identificar diferentes ELEMENTOS AVALIABLES partindo do proceso de ensinanza aprendizaxe:

#### AVALIACIÓN DOS OBXECTIVOS:

- Se se adaptan ao currículo.
- Se se adecúan aos obxectivos xerais de cada curso.
- Se se adaptan aos coñecementos e capacidades reais dos alumnos para o éxito do proceso de aprendizaxe. (procederáse a valorar a consecución dos obxectivos de forma que se poidan ir corrixindo ou readaptando algúns dos aspectos que poidan resultar mellorables)

#### AVALIACIÓN DOS CONTIDOS:

- Se se adaptan ao currículo.
- Se concretan os obxectivos propostos.
- Se amosan una lóxica interna.

#### AVALIACIÓN DO CONXUNTO DA EXPERIENCIA EDUCATIVA:

- Se permite o tratamento de diferentes dimensións do contido para acadar os obxectivos propostos.
- Se permite unha adaptación para a atención a diversidade en función as propostas e ideas dos alumnos.
- Se ten en conta o proceso de auto avaliación e auto aprendizaxe do alumno.

#### AVALIACIÓN DOS RECURSOS DIDÁCTICOS:

- Se apoian a interacción entre o alumnado e entre profesorado alumando.
- Se utilizan recursos habituais da vida cotiá non feitos con fins didácticos.
- Se son útiles para o desenvolvemento dos contidos e o alcance dos obxectivos.
- Se permiten a exercitación de diferentes formas de expresión.
- Se estimulan as diferentes formas receptivas.
- Se estimulan a participación activa do estudante, a súa creatividade, autonomía e socialización.

Para analizar estes aspectos, a programación estará suxeita a DOUS TIPOS DE AVALIACIÓN: DE PROGRESO E FINAL.

-A AVALIACIÓN DE PROGRESO permitirá una mellor aplicación da programación, á hora de desenvolver a de aula e un axuste máis adecuado ás necesidades do alumnado. A avaliación continua da programación permite adaptala na medida do posible ás necesidades que se vaian detectando durante todo o proceso de ensino aprendizaxe.

-A AVALIACIÓN FINAL terá como obxectivo a consideración da programación dun ano escolar para o seguinte, reformulando aqueles aspectos que se consideren oportunos.

Os INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN que se utilizarán serán os seguintes:

- Reunións de coordinación que permitan una avaliación da programación co fin de adaptala ás necesidades do alumnado e facer os axustes precisos para que os obxectivos programados sexan acadados con maior éxito.
- Reunión de avaliación final que terá como obxectivo a análise do desenvolvemento da programación, reflectindo na memoria final do departamento aqueles apartados que precisan ser modificados ou reformados.
- Auto avaliación do profesorado: os modelos polos cales se auto avalía ao profesorado deberían tratar temas como: logro de los obxectivos plantexados, tratamento dos contidos, viabilidade dos criterios de avaliación, competencias básicas e suxestións de mellora.

## 9. Outros apartados